- Ratificar a proposta e informar favorablemente sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2025.
- Aprobar a proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2025.
- Aprobar o orzamento do Consello Social para o exercicio 2025.
- Darse por informado dos convenios asinados pola UVigo en outubro e novembro de 2024.
- Aprobar unha aportación para financiar os cursos "eDestrezas", para o fomento de competencias dixitais do alumnado, PAS e PDI.
- Aprobar de xeito definitivo a creación e participación da UVigo no capital social da SpinOff "Serenia".



Os membros visitaron e coñeceron distintos proxectos de investigación avanzada no CINBIO do Campus de Vigo.

DE CARÁCTER ACADÉMICO-SOCIAL

PLENO 25 DE MARZO

- Darse por informado sobre a Declaración de interese de verificación e modificación de títulos de Grao, Máster e Programas de Doutoramento para o curso 2025/2026.

PLENO DO 12 DE XUÑO

- Aprobar a asignación inicial das bolsas-colaboración aos departamentos solicitantes da Universidade de Vigo, concedidas polo Ministerio de Educación, Formación profesional e Deportes para o curso 2024/2025 (ver táboa en páxina seguinte)
- Dar a súa conformidade á implantación de novos indicadores que debe cumprir o Consello Social, ao abeiro dos requisitos da Fundación Haz e do disposto na LOSU: 1. Deberes de dilixencia; autoavaliación de desempeño do Consello Social. Asistencias a reunións. 2. Cumprimento dos principios éticos, compliance e responsabilidade social.
- Informar favorablemente sobre a extinción do Máster Universitario en Xestión do desenvolvemento sostible.
- Dar a súa conformidade á designación dun representante do Consello Social na Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente da Universidade de Vigo.

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
DESEÑO NA ENXEÑARÍA	1
ENXEÑARÍA ELÉCTRICA	1
ENXEÑARÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUÍDOS	1
ENXEÑARÍA QUÍMICA	2
ENXEÑARÍA DOS MATERIAIS, MECÁNICA APLICADA E CONSTRUCIÓN	1
ENXEÑARÍA DOS RECURSOS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE	2
ENXEÑARÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	1
FÍSICA APLICADA	2
TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA	1
ENXEÑARÍA TELEMÁTICA	1
INFORMÁTICA	1
BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE	1
BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO	2
BIOQUÍMICA, XENÉTICA E INMUNOLOXÍA	1
ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL	2
ESTATÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	1
QUÍMICA ANALÍTICA E ALIMENTARIA	2
QUÍMICA INORGÁNICA	1
XEOCIENCIAS MARIÑAS E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	1
QUÍMICA FÍSICA	1
QUÍMICA ORGÁNICA	1
FILOLOXÍA GALEGA E LATINA	1
FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMÁ	1
HISTORIA, ARTE E XEOGRAFÍA	1
ESCULTURA	1
PINTURA	1
DEBUXO	1
LINGUA ESPAÑOLA	1
LITERATURA ESPAÑOLA E TEORÍA DA LITERATURA	1
TRADUCIÓN E LINGÜÍSTICA	1
ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA	1
DEREITO PRIVADO	1
DEREITO PÚBLICO	1
DIDÁCTICA, ORGANIZACIÓN ESCOLAR E MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN	1
DIDÁCTICAS ESPECIAIS	2
ECONOMÍA APLICADA	1
ECONOMIA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	1
ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MERCADOTECNIA	1
PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E COMUNICACIÓN	1
SOCIOLOXÍA, CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN E FILOSOFÍA	1
DEREITO PÚBLICO ESPECIAL	1
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE	1



Ignacio Rodríguez, Ernesto Pedrosa, Manuel Reigosa e Juan M. Vieites, no pleno de marzo reunido no edificio Redeiras, en Vigo cidade.

- Así mesmo, apróbase a seguinte relación priorizada para o suposto dunha eventual insuficiencia de candidatos para as bolsas anteriormente asignadas:

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Enxeñaría química	1
Física aplicada	1
Bioloxía vexetal e ciencias do solo	1
Química analítica e alimentaria	1
Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente	1
Organización de empresas e mercadotecnia	1

PLENO DO 28 DE XUÑO

- Aprobar a emisión de informe favorablemente sobre as propostas de verificación e modificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento da Universidade de Vigo, para o curso 2025/2026.
- Designar un membro do eido empresarial no Consello Reitor Campus Auga, en representación do Consello Social.

PLENO DO 28 DE OUTUBRO

- Aprobar a creación do Instituto de investigación Lingua da Universidade de Vigo e propoñer a designación dun representante do Consello Social.



Sala principal do Edificio Miralles, sede do Consello Social da UVigo e onde celebra numerosos plenos.

- Aprobar a designación da representación do Consello Social no Consello Reitor Campus Auga.
- Aprobar a designación dun novo membro da Comisión Económica do Consello Social.
- Aprobar a proposta de reasignación definitiva das Bolsas-colaboración asignadas á Universidade de Vigo para o curso 2024/2025:

Reasignación definitiva:

DEPARTAMENTO	Nº BOLSAS
Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos	1
Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción	1
Informática	3
Bioloxía funcional e ciencias da saúde	1
Bioquímica, xenética e inmunoloxía	3
Filoloxía inglesa, francesa e alemá	1
Historia, arte e xeografía	1
Didácticas especiais	1
Organización de empresas e mercadotecnia	1
Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía	1

PLENO DO 27 DE DECEMBRO

- Informar favorablemente sobre a extinción do Máster Universitario en "Industria 4.0".

COMISIÓN EXECUTIVA

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS

Ao longo do ano 2024 a Comisión Executiva do Consello Social reuniuse en dúas ocasións, ambas na sala II do edificio Miralles do campus de Vigo e adoptou os seguintes acordos:

COMISIÓN EXECUTIVA DO 28 DE MAIO

- Dar traslado ao Pleno da aprobación da implantación de novos indicadores que debe cumprir o Consello Social, consonte os requisitos do ranking de Transparencia da Fundación Haz: a) "Deberes de dilixencia" (Avaliación de desempeño. Asistencia a reunións), b) Novos indicadores consonte as competencias recollidas na LOSU (Principios éticos, compliance e responsabilidade social).

- Informar favorablemente sobre a aprobación da proposta de prezos públicos dos títulos propios do Centro de Posgrao e Formación Permanente, para o curso 2024/2025.

- Aprobar a redución de prezos para o curso en "Tradución para a industria do videoxogo".

- Aprobar os prezos públicos dos cursos de Extensión Universitaria 2024, nos Campus de Vigo, Pontevedra e Ourense.

- Aprobar os prezos públicos para expedir a Certificación Internacional de Competencia Dixital (ICDL) ao alumnado dos cursos "eDestrezas".

- Aprobar os prezos públicos para a actividade "Campus Camp", a desenvolver durante as vacacións nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

- Informar favorablemente, para elevación ao Pleno, sobre a aprobación da proposta de convenio de colaboración coa Fundación Universidade de Vigo (FUVI), para actividades que acheguen ao estudantado ao mercado laboral e á empregabilidade.

- Aprobar unha aportación, solicitada pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, para organizar a "III edición dos Premios Alumni-UVigo 2024".

- Informar favorablemente sobre a aprobación da aceptación da cesión á UVigo da titularidade de patentes e rexistros de propiedade industrial pola Fundación Profesor Novoa Santos.

- Informar favorablemente sobre o proxecto de decreto que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no SUG para o curso 2024/2025.

- Informar favorablemente, para elevación ao Pleno, sobre a dotación económica precisa para a licitación do servizo "contratación de asesoramento técnico para elaborar un estudo sobre a inserción de titulados da UVigo 1990-2024, e análise comparativo".

- Darse por informada sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de febreiro, marzo e abril de 2024.

COMISIÓN EXECUTIVA DO 7 DE OUTUBRO

- Darse por informada sobre os resultados da enquisa de autoavaliación e desempeño do Consello Social, e configuración do novo cadro de asistencias.

- Aprobar a elevación ao Pleno do informe sobre a creación do Instituto de Investigación Lingua.

- Conceder unha axuda para a organización en Ourense do X Memorial Manuel Serra, sobre "Dereito procesual e cidadanía: retos socioeconómicos e politización da xustiza".

- Conceder unha axuda para a organización en Pontevedra do Salón de Educación e Formación de Galicia (EDUGAL).

- Aprobar o apoio económico, por circunstancias excepcionais, para desenvolver o Programa da Universidade de Vigo que facilita a xoves con discapacidade intelectual acceder á formación universitaria, mediante un título propio que se imparte para o emprego e a vida autónoma.

- Aprobar a designación da representación do Consello Social no Instituto de Investigación Lingua da Universidade de Vigo.

- Aprobar a designación da representación no Consello Reitor do Campus Auga.

- Aprobar o aumento e designación de dous novos membros para formar parte da Comisión Económica do Consello Social.

- Darse por informada do calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2026/2027.

COMISIÓN ECONÓMICA

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS

A Comisión Económica do Consello Social reuniuse ao longo do ano 2024 en catro ocasións, na sala II do edificio Miralles do campus de Vigo. As sesións celebráronse os días 29 de febreiro, 24 de xuño, 25 de setembro e 13 de decembro.

ACORDOS

- Informar favorablemente a liquidación provisional do orzamento da UVigo do exercicio 2023.
- Encargar unha auditoría operativa sobre "Intervención".
- Aprobar a asignación de complementos retributivos a profesorado da Universidade de Vigo por excelencia curricular docente e investigadora correspondente á convocatoria de 2022.
- Darse por informada sobre a modificación puntual da RPT da Universidade de Vigo, conforme aos seus estatutos. Modificación de niveis de complementos de destino.
- Darse por informada sobre o control e seguimento de competencias: aplicación do regulamento de xestión do patrimonio da Universidade de Vigo: Doazóns bens mobles amortizados ou obsoletos; Doazóns menores e correntes; Arrendamentos; e, aplicación da normativa de xestión de espazos universitarios: Informe sobre as dispensas de pago concedidas pola Xerencia.
- Aprobar os prezos das residencias de estudantes para o curso 2024/2025.
- Darse por informada sobre os convenios asinados en decembro de 2023 e xaneiro de 2024.
- Elevar informe favorable ao Pleno, das contas anuais da Universidade de Vigo do exercicio 2023, consonte o informe de auditoría.
- Elevar informe favorable ao Pleno para a aprobación das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
- Elevar informe favorable ao Pleno para a aprobación das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria (CUSA).
- Elevar informe favorable ao Pleno para a aprobación das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).

- Darse por informada das conclusións da auditoría operativa sobre "Intervención dos gastos mais representativos da universidade: capítulo I".

- Aprobar a aceptación da doazón dun equipo de Lonza Biologics Porriño, S. L. ao CINBIO.

- Darse por informada sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en maio de 2024.

- Darse por informada da análise e evolución da conta de ingresos e gastos previa ao peche do exercicio 2024.

- Darse por informada da evolución económica das sociedades participadas pola Universidade de Vigo: CUSA, FUVI e CITEXVI.

- Aprobar a participación da UVigo na SpinOff GAL-4TIC.

- Aprobar a asignación de complementos retributivos a profesorado da Universidade de Vigo por o labor docente e investigador, a excelencia curricular docente e investigadora e polos cargos de xestión, correspondentes á convocatoria de 2023.

- Darse por informada sobre os convenios asinados en xuño, xullo e agosto de 2024.

- Elevar informe favorable ao Pleno sobre o teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio orzamentario de 2025.

- Elevar informe favorable ao Pleno para aprobar a proposta de orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2025.

- Aprobar o orzamento do Consello Social para o exercicio 2025.

- Darse por informada sobre as Transferencias de crédito para centros de investigación, aprobadas en Consello de Goberno do 29 de outubro de 2024.

- Aprobar a proposta inicial para a creación e participación da Universidade de Vigo na SpinOff "Serenia".

- Darse por informada sobre o aproveitamento e aplicación das melloras recomendadas no informe de auditoría operativa sobre "Procedementos aplicados na xestión dos activos patrimoniais da Universidade de Vigo, e sobre os elementos do inmobilizado material".

- Darse por informada sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en outubro e novembro de 2024.

COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

PRINCIPAIS ACORDOS ADOPTADOS

A Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social reuniuse no ano 2024 en tres ocasións, no edificio Miralles do Campus de Vigo. As sesións celebráronse os días 22 de febreiro, 25 de abril e 29 de xullo.

ACORDOS

- Aprobar, para propoñer ao Pleno, a distribución das axudas recollidas na convocatoria de Prácticums do Consello Social para 2024, para os seguintes centros:

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Escola de Enxeñaría Industrial
Facultade de Bioloxía
Facultade de Ciencias do Mar
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Facultade de Comercio
Facultade de Comunicación
Facultade de Dereito
Facultade de Filoloxía e Tradución
Facultade de Historia
Facultade de Relacións Internacionais

- Aprobar a renovación da asignación para o mantemento e a actualización de contidos da web corporativa do Consello Social en 2024.
- Aprobar unha asignación para a realización dun estudo para medir o impacto socioeconómico e o valor social da UVigo.
- Aprobar unha achega para a organización da Feira EMPREGO in CAMPUS, promovida pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade.

- Propoñer unha achega para a colaboración coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra para o desenvolvemento de actividades en 2024.

- Aprobar unha aportación para o patrocinio das actividades previstas no Forum IEV 2024 que organiza o Instituto de Estudos Vigueses.

- Asignar unha axuda á Escola de Enxeñaría Industrial para organizar a sétima edición do Concurso de robots, co obxectivo de fomentar as actividades STEAM nos colexios e institutos galegos.

- Aprobar unha aportación á Delegación de alumnos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, para reunir en Vigo o Consello Nacional de Estudantes de Dereito.

- Dotar o patrocinio do Premio de Innovación Social, dentro do evento "Hack for Good 2024".

- Aprobar unha axuda para a organización do Congreso Internacional "ICAME45", dentro da Facultade de Filoloxía e Tradución, e dirixido a persoal investigador do ámbito lingüístico.

- Aprobar unha aportación para o financiamento do Campamento Tecnolóxico de Verán 2024, no Campus de Ourense, para potenciar a igualdade de xénero nas titulacións técnicas, coa colaboración da Escola de Informática.

- Aprobar unha axuda para desenvolver o proxecto "Cóntancho as Matemáticas", para mellorar a educación matemática na última etapa de Educación Primaria e os primeiros cursos de Secundaria, e fomentar a súa vocación.

- Promover a realización dunha xornada de formación dentro da UVigo sobre prevención do fraude e os conflitos de interese.

- Aprobar unha aportación para colaborar co proxecto "CinVigo. Ciencia na rúa", promovido por CINBIO para fomentar vocacións en secundaria e bacharelato e amosar traballos de investigación á sociedade.

- Conceder unha axuda para a organización da Conferencia internacional ESEE-Decrecemento 2024, en Pontevedra.

- Aprobar unha aportación para a financiación do estudo sobre Inserción laboral do estudantado titulado en Grao e Mestrado da Universidade de Vigo, no curso 2021/2022.

- Aprobar unha aportación para a participación de alumnado nun Congreso Internacional sobre "Investigación en cambio climático e espazo", en Enxeñaría Aeroespacial.

- Conceder unha axuda á Asociación de Estudantes de Enxeñaría para desenvolver o programa "UVigo SpaceLab".

- Conceder unha aportación para a organización dos "Xogos deportivos universitarios Galaico-Durienses", pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria.

- Conceder unha axuda para a organización, pola Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, da "Noite europea das persoas investigadoras (G-Nigth)".

- Aprobar dúas aportacións á Facultade de Filoloxía e Tradución, para a organización dos Congresos internacionais "Variation and Language Processing 6" e "Gibraltar International Conference 2".

- Asignar unha axuda para organizar unha xornada internacional sobre "Relacións entre a ciencia xurídico-penal española con outros países", pola Área de Dereito Penal da Universidade de Vigo.

- Aprobar unha aportación aos organizadores do Congreso Atlántico de Marketing Dixital "Flúor" para a interrelación de empresas e estudantado.

- Conceder unha aportación económica para o encontro en Vigo de profesionais da Comunicación en RRSS das universidades españolas.

- Aprobar unha axuda para a participación do equipo de PAS da Universidade de Vigo no Campionato nacional de fútbol-sala.

- Aprobar a delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2024/2025, da que dará conta na primeira reunión posterior que se convoque.

- Aprobar o financiamento do estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de Doutoramento na UVigo, no curso 2021/2022, a cargo do Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo.

- Conceder unha axuda para a organización en Vigo das XXVIII Xornadas de Filosofía coa temática "Filosofía, ciencia e tecnoloxía: a eterna xuventude".

- Asignar unha aportación para a organización do "9º Congreso iberoamericano de psicoloxía do deporte", en Pontevedra.

- Aprobar unha axuda á Delegación de estudantes da Escola de Enxeñaría Industrial, para reunir en Vigo ao "Consejo Estatal de Estudiantes de Ingeniería Biomédica e Ingeniería de la Salud (CEEIBIS)".

- Conceder unha axuda para a organización dos "Encontros con profesionais do Dereito Concursal", especialmente orientados ao estudantado.

- Aprobar unha aportación para a realización, pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria, do programa "Augaventura" de actividades no medio acuático.

- Aprobar a dotación económica precisa para a difusión do Estudo sobre o Impacto económico e social da Universidade de Vigo. Deseño gráfico, maquetación dixital e maquetación editorial.

- Dispor a dotación económica precisa para a organización dunha "Xornada de análise, debate e alternativas ao actual sistema de acceso á universidade".

- Aprobar os prezos públicos aplicables a titulacións oficiais no curso 2024/2025, por servizos administrativos e académicos.

- Aprobar a participación do Consello Social na convocatoria "Ourense rural", promovida pola Universidade de Vigo para o curso 2024/2025 no campus de Ourense.

EXECUCIÓN ORZAMENTO 2024

CONSELLO SOCIAL

NORMATIVA

A Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario establece no seu artigo 47 que para *o axeitado cumprimento das súas funcións, o Consello Social disporá dunha organización de apoio con recursos suficientes. A lei que estableza a súa composición e funcionamento poderá contemplar a dotación dun orzamento propio do Consello Social, así como a súa xestión económico-orzamentaria con carácter autónomo*.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia sinala no artigo 86.1) *que o Consello Social xestionará a súa partida orzamentaria específica, que figurará dentro dos orzamentos da universidade, e nela garantirase en todo caso a suficiencia dos recursos asignados para o cumprimento das súas funcións*.

Tamén o Regulamento de organización e funcionamento do CS contempla ao respecto no artigo 31.1) *O Consello Social disporá anualmente do seu propio orzamento incluído no proxecto de orzamentos da UVigo nunha partida específica. Este comprenderá o crédito preciso para atender as necesidades de persoal e os medios materiais que demande o correcto funcionamento dos seus servizos*.

A falta de desenvolvemento lexislativo na comunidade autónoma de Galicia comparada co avance



Vista exterior do Centro de investigacións marítimas da UVigo, onde se desenvolven traballos de especialización únicos no mundo.

noutras comunidades onde se está a avanzar nos papeis dos Consellos Sociais para dar cumprimento a nova LOSU, impide polo momento que o Consello Social poida asumir os novos compromisos establecidos na citada lei orgánica.

PREVISIÓNS E OBXECTIVOS

O orzamento do Consello Social para 2025 mantense en 367.850 euros por decimoterceiro exercicio consecutivo. Os ingresos proceden da aportación da Xunta de Galicia (200.000 euros), dentro do seu compromiso dos Consellos Sociais das tres universidades galegas, e da Universidade de Vigo que cubre a cantidade restante. En cada exercicio incorpórase a maiores ó orzamento do CS unha partida da Conferencia de Consellos Sociais de España, en cantidades que varían segundo as actividades desenvolvidas conxuntamente.

No apartado de gastos, séguese a atender iniciativas referidas a egresados, alumnos procedentes doutros países e apertura de foros de coñecemento cara á sociedade, así como necesidades dos estudantes nun contexto de cambios e mudanza de obxectivos propostos dende a LOSU. Unha das partidas principais seguen a ser traballos realizados por outras empresas, con especial atención aos estudos e enquisas periódicas sobre os egresados da UVigo en todo o mundo, para coñecer a súa situación laboral, profesional e persoal. Tamén para

atender iniciativas de consolidación e dinamización da Comunidade Alumni. Outra iniciativa salientable e o Estudo do impacto económico da UVigo no seu entorno, medido tanto en cada un dos seus Campus como no contexto de Galicia.

Outra partida destacada é a de Cursos, conferencias e seminarios (para atender os patrocinios e axudas a actividades que conectan a universidade ca sociedade).

A maior parte do gasto materialízase nos acordos adoptados pola Comisión de Actividades e Servicios, que en 2024 concedeu axudas por preto de 230 mil euros, para iniciativas orientadas a apoiar a visibilización da universidade e mesmo a transferencia de coñecemento, as iniciativas e proxectos desenvolvidos polo estudantes e a aportacións a traballos e convocatorias vencelladas á Transparencia e á responsabilidade social.

PECHE ANUAL E MEDIOS

A estimación provisional de peche do exercicio 2025, aínda sen rematar, apunta a que en consonancia dos exercicios anteriores, próximo ao 90%.

Para exercer as funcións, competencias e cometidos que ten encomendadas o CS, o orzamento correspóndese co desenvolvemento dos principais eixos recollidos no Plan de actuacións para 2024, abrindo liñas de colaboración, cooperación, interlocución, achegamento e difusión, principalmente con colectivos sociais, estudiantís, empresariais, egresados, investigadores, profesionais e ca actividade da comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto.

Co orzamento que se presenta, o Consello Social desenvolve a súa labor con picos de acusada insuficiencia de persoal, que se producen cada ano en períodos máis longos do exercicio. A aplicación da LOSU abre un novo escenario de esixencia ao que, como se ven reclamando, deberán adaptar os recursos e os medios dispoñibles.

EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO CONSELLO SOCIAL: EXERCICIO 2024	
CRÉDITO INICIAL	**367.850,00 €**
Modificacións de créditos positivas	0,00 €
Modificacións de créditos negativas	10.000,00 €
CRÉDITO DEFINITIVO	**357.850,00 €**
Saldo Obrigacións/pagos	278.042,75 €
Saldo Comprometido	0,00 €
Crédito Retido	22.857,12 €
CRÉDITO DISPOÑIBLE	**56.950,13 €**
EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	**310.549,87 €**

No exercicio 2024 presentase unha execución de 310.549,87 euros que supón un 86,78% sobre o orzamento definitivo, pero que tería chegado ao 98,29% (cunha execución total de 351.738,90 euros) contabilizando os fondos asignados á actividades planificadas polo Consello Social, pero que non chegaron a executarse finalmente por cuestións alleas ao propio Consello Social, non habendo marxe para adicalos a outros fins alternativos por estar xa sobre as datas esixidas para cumplimentar o peche do exercizo.

REUNIÓNS E COMPARECENCIAS

CONVOCATORIAS OFICIAIS. CONFERENCIA CONSELLOS SOCIAIS

XORNADAS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS

PALMA DE MALLORCA. 21 E 22 DE NOVEMBRO

Título: *"El desarrollo autonómico de la LOSU"*

Consello Social da Universidade das Illas Baleares

Presidente: **Antonio Bennasar Arbós**.
Secretaria: **Mercè Borràs Dalmau**

Xornadas organizadas polo Consello Social da Universidade das Illas Baleares e a Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas, ás que asistiron o presidente e o secretario do Consello Social da Universidade de Vigo.

PROGRAMA

JUEVES, 21 DE NOVIEMBRE DE 2024

16.00 h - 16.30 h *Inauguración*

16.30 h - 17.00 h *Conferencia Inaugural: La transferencia de conocimiento de la universidad a la sociedad*

Llorenç Huguet, *director de la Unidad de Innovación Tecnológica en Ciberseguridad de la UIB y ex rector de la UIB.*

Presenta: **Antonio Abril Abadín**. *Presidente de la Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas.*

17.00 h - 19.00 h *Asamblea General de la CCS*

VIERNES, 22 DE NOVIEMBRE DE 2024

9.30 h *Desarrollo autonómico de la LOSU en los Consejos Sociales*

Sebastián Massanet. *Director General de Universidades del Govern de les Illes Balears.*

Montserrat Guàrdia Güell *Presidenta del CS de la Universidad Politécnica de Catalunya.*

Ciro Gutiérrez Ascanio. *Viceconsejero de Universidades del Gobierno de Canarias.*

Alfonso González Hermoso. *Presidente Asociación espacios de educación superior.*

Presenta: **Miguel Ángel Acosta Rodríguez**. *Secretario General CCS.*

11.00 h *Cumplimiento normativo: UOC y UB*

Adriana Antich. *Responsable de Cumplimiento de la Universidad Oberta de Cataluña.*

Maurici Romero Mulero. *Director de la Oficina de Control Interno de la Universitat de Barcelona.*

Modera: **Antonio Bennasar Arbós**. *Presidente del CS de la Universitat de les Illes Balears.*

12.15 *Compliance en las universidades públicas: Avances y buenas prácticas*



Presidentes e secretarios reunidos para a fotografía das xornadas, xunto con ponentes e autoridades que asistiron as sesións do programa.

María Campos. *Experta en integridad pública, transparencia y compliance en el sector público.*

Paula García Arango. *Chief Compliance Officer of ACS Group. Miembro de la Directiva de ASCOM.*

Modera: **Mariano Casanova Navarro**. *Secretario del CS de la Universidad Politécnica de Valencia.*

13.30 *La respuesta penal frente a los ciberataques puros: avances normativos y retos políticos criminales.*

María Ángeles Rueda. *Secretaria de la Universidad de Zaragoza. Catedrática de Derecho Penal.*

*Presenta:***Félix Sanz Roldán**. *Presidente del CS de la Universidad de Castilla La Mancha.*

14.00 *Clausura*

ASEMBLEAS XERAIS DA CCSU

Asembleas Xerais da Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas, ás que asistiu algún representante do Consello Social da UVigo e nas que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

20 DE MARZO, EN MADRID, DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO

O presidente e o secretario asistiron de xeito presencial.

Asuntos:

- *Desarrollo de la LOSU por parte del Ministerio: comisión del plan de financiación de las universidades públicas españolas y nuevos criterios de acreditación para los cuerpos docentes universitarios. Acuerdos que procedan.*
- *Informe sobre el desarrollo de la LOSU en las Comunidades Autónomas.*
- *Presentación del estudio realizado por REDFUE para el "análisis de las competencias más demandadas de egresados universitarios" en el marco del convenio firmado.*
- *Propuesta del Comité Ejecutivo de la Conferencia y elección, si procede, de la vacante producida en dicho Comité.*

20 DE XUÑO, EN MADRID, DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO E FORMATO MIXTO

O presidente asistiu de xeito presencial e o secretario participou por videoconferencia:

Asuntos:

- *Informe a cargo del secretario general de Universidades, don Francisco García Pascual, sobre el desarrollo ministerial de la LOSU.*
- *Presentación y aprobación, si procede, de las cuentas anuales de la Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas correspondientes al ejercicio económico 2023.*
- *Presentación del estudio "La necesaria dependencia orgánica de los Servicios de Control Interno de los Consejos Sociales". Acuerdos que procedan.*
- *Presentación del "libro blanco de las prácticas" promovido por la Red de Fundaciones Universidad Empresa.*
- *Creación de una comisión organizadora del XX aniversario de la creación de la CCS. Acuerdos que procedan.*

21 DE NOVEMBRO, EN PALMA DE MALLORCA, DE CARÁCTER ORDINARIO

O presidente e o secretario, asistiron de xeito presencial.

Asuntos:

- *Toma en consideración y aprobación, si procede, de la propuesta de nuevos Estatutos de la Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas.*
- *Propuesta del Comité Ejecutivo de la Conferencia y elección, si procede, de la vacante producida en dicho Comité.*

REUNIÓN CONXUNTA DAS COMISIÓNS ACADÉMICA E DE TRANSFERENCIA E RELACIÓNS COA SOCIEDADE DA CCS

26 DE FEBREIRO, EN MADRID, DE CARÁCTER ORDINARIO E FORMATO MIXTO

O presidente do Consello Social asistiu á reunión de xeito presencial, e o secretario participou online. Abordáronse, entre outros, os seguintes asuntos:

- *Presentación del informe titulado "Análisis de las competencias más demandadas de egresados universitarios" elaborado por REDFUE/FULP según convenio firmado con la CCS. Acuerdos que procedan.*
- *Información a cargo de la directora técnica de FUTUVER en España relativa a experiencias en el desarrollo e implantación de soluciones legaltech para la transformación digital con seguridad jurídica en el ámbito de educación superior.*

COMISIÓN ECONÓMICA DA CCS

27 DE MAIO, EN MADRID, DE CARÁCTER ORDINARIO E FORMATO MIXTO

O secretario do Consello Social participou na reunión, celebrada por videoconferencia, na que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

- *Informe sobre las Cuentas Anuales de la Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Españolas correspondiente al ejercicio económico 2023. Acuerdos que procedan.*

PLENO DA COMISIÓN SECTORIAL DE SECRETARIOS DA CCS

O secretario do Consello Social, **Ignacio Rodríguez Iglesias**, asistiu o día 18 de abril ao Pleno da Comisión Sectorial de secretarios, celebrado en Barcelona, no marco da Xornada de secretarios de Consellos Sociais, e no que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

- *Informe de la presidenta de la Comisión de secretarios.*
- *Informe del secretario general de la Conferencia.*
- *Propuesta del Comité Ejecutivo de la Comisión Sectorial de secretarios de la Conferencia y elección, si procede, de la vacante producida en el Comité.*



Os secretarios que acudiron a convocatoria, ante a entrada do recinto no que se celebraron as sesións sobre cuestións normativas, de mecenado e de prácticas.

XORNADAS DE SECRETARIOS DA CCS

O secretario do Consello Social, **Ignacio Rodríguez Iglesias**, asistiu ás Xornadas, celebradas os días 18 e 19 de abril en Barcelona.

PROGRAMA

JUEVES, 18 DE ABRIL DE 2024

15:45 h *Recepción de asistentes*

16:00 h *Pleno de la Comisión Sectorial de secretarios*

17:00 h *Propuestas de reforma de leyes autonómicas para su adaptación a la LOSU*

Aránzazu Calzada. *Consejo Social Universidad de Alicante.*

María José López Santana. *Consejo Social Universidad de Alcalá.*

Miguel Ángel Acosta. *Consejo Social Universidad de las Palmas de Gran Canaria.*

VIERNES, 19 DE ABRIL DE 2024

09:30 h *Patrocinio y mecenazgo universitario*

Javier Lacasta. *Universitat de Barcelona.*

Jordi Martin. *Universitat Politècnica de Catalunya.*

Miguel Ángel Barja. *Universitat Politècnica de Catalunya.*

10:45 h *Prácticas universitarias*

Marco normativo. **Elena de la Fuente**. *Secretaria general de la Universidad Europea.*

Presentación libro blanco de las prácticas universitarias. **Carmen Palomino**. *REDFUE.*

12:15 h *Plan trienal*

Ana Moreno. *Consejo Social Universidad de Almería.*

Antonio Sánchez-Calzada. *Consejo Social Universidad de Salamanca.*

ENCONTRO TÉCNICO DE SECRETARIOS DA CCS

Título: *"Comunicación institucional en la Universidad y en los Consejos Sociales"*.

O secretario asistiu ao Encontro técnico en Madrid, o 14 de outubro.

Analizar cómo se lleva a cabo la comunicación institucional universitaria y cómo se podría mejorar la comunicación en los consejos sociales con la finalidad de mejorar el impacto y la visibilidad de las acciones desarrolladas por estos órganos.

Ponentes:

Juan José Becerra. *Director de Comunicación Institucional de la Universidad de Alcalá.*

Lara Zhang. *Responsable de Comunicación del CS de la Universidad Politécnica de Madrid.*

Paula Arbelo. *Responsable de Comunicación de la Conferencia de Consejos Sociales.*

CONVOCATORIAS OFICIAIS. OUTROS

O presidente do CS da UVigo, Ernesto Pedrosa, asistíu as seguintes convocatorias:

CONSELLO ASESOR DA FEDERACIÓN ALUMNI-ESPAÑA

XXVIII ENCONTRO ALUMNI-ESPAÑA

O presidente asistiu os días 3 e 4 de outubro ao Consello Asesor da Federación Alumni-España, celebrado en Málaga, no que se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

- *Informe del presidente de la Federación Alumni España.*
- *Informe del presidente del Consejo Asesor.*
- *Propuestas y Recomendaciones del Consejo Asesor a Federación Alumni España.*

PROGRAMA:

JUEVES, 3 DE OCTUBRE DE 2024

16:30 h *Inauguración. Autoridades académicas, presidente Alumni España y alcalde de Málaga*

17:00 h *Conferencia Inaugural: Ex presidente de Unicaja Banco:* **Manuel Azuaga**

17:30 h *Distinciones Alumni de Honor*

18:15 h *Reunión Consejo Asesor.*

VIERNES, 4 DE OCTUBRE DE 2024

09:00 h *Asamblea Alumni España. (Sala de Juntas del Rectorado)*

10:30 h *Mesa redonda. Inteligencia Artificial: retos y oportunidades*

12:00 h *Mesa Redonda. Microcredenciales: certificación de logros de habilidades y competencias*

13:00 h *Clausura XXXVIII Encuentro Alumni España*

CONVOCATORIAS OFICIAIS. GALICIA

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

O presidente asistiu á sesión do Pleno do Consello Galego de Universidades do 11 de decembro, na que se abordaron, entre outros asuntos, os que seguen:

- *Asuntos para coñecemento:*
  - *Normativa publicada.*
  - *Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.*
- *Información sobre as propostas de titulacións presentadas polas universidades na SXU para envío a verificación/modificación.*
- *Informe sobre a proposta de revogación de titulacións oficiais de grao e máster universitario nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo no curso 2024-2025.*

CONSELLO REITOR DO CONSORCIO AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)

O presidente asistiu á reunión de 22 de xullo, para tratar, entre outros asuntos, os que seguen:

- *Plan Estratéxico 2024-2028*
- *Renovación de membros da CGIACA*
- *Convenios con outras institucións*
- *Asuntos económicos:*
  - *Contas anuais do exercicio 2023*
  - *Inventario do inmobilizado a 31.12.2023*
  - *Anteproxecto de orzamentos do exercicio 2025 (PAIF)*
- Sistema de Xestión Interno:
  - *Informe anual de 2023 de revisión do Sistema de Xestión*
  - *Resumo do Sistema de Xestión do primeiro semestre de 2024*
- Dirección de ACSUG

CONVOCATORIAS OFICIAIS. VIGO

PADROADO DA FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO - FUVI

O presidente asistiu á reunión de 23 de maio para tratar, entre outros asuntos, os que seguen:

- *Cese e aceptación do patronato da Fundación.*
- *Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (15 de decembro de 2023).*
- *Revogación de poderes e aprobación, se procede, da proposta de outorgamento e delegación de poderes.*
- *Aprobación, se procede, das Contas Anuais de 2023.*
- *Informe da dirección: informe de actividades da fundación; convenios, encargos, e validación no seu caso.*

RESUMO DE ACTIVIDADES
ASISTENCIA A OUTROS ACTOS



A ex-ministra Elena Espinosa, o presidente do CS, o reitor da UVigo e o autor Francisco Michavila.

08.01.2024 O presidente asistiu ao acto de presentación do Informe CYD 2023 en Madrid.

12.01.2024 O presidente asistiu ao acto de presentación oficial do subdelegado do Goberno en Pontevedra, Abel F. Losada Álvarez, no salón de actos da Subdelegación do Goberno de Pontevedra.

16.01.2024 O presidente estivo na mesa presidencial do acto protocolario de toma de posesión do profesor doutor Ricardo Cao Abad, como novo reitor da UDC celebrado no paraninfo da universidade.

17.01.2024 O presidente asistiu á presentación do libro de Francisco Michavila

"Paixón pola educación", coa presenza tamén do reitor da Universidade de Vigo e da concelleira de Educación do Concello de Vigo, celebrada no edificio Redeiras, Praza do Berbés de Vigo.

Na sua introducción ao acto, Ernesto Pedrosa afirmou que:

"Hemos organizado y convocado este acto para presentar un libro con el relato de una vida dedicada al oficio más noble y hermoso: la docencia. No se trata de una autobiografía. Es el testimonio personal de cuatro décadas de historia de la educación superior y de la política universitaria en España y Europa.

Es un honor presentar a Francisco Michavila, su autor. Ejemplo de generoso, perseverante, avanzado e irrenunciable compromiso con la universidad. Personalidad de talante abierto, criterio claro, fineza máxima y conocimiento profundo y sereno de los asuntos universitarios. Y yo diría que con una máxima en su vida: llenar vacíos que tiene la universidad, con Europa como gran referencia y atmósfera omnipresente.



Ernesto Pedrosa e o autor da publicación, ante a portada do libro.

....Pero corto me quedo. Porque tiene el don de mirar más adentro y más lejos. Y también porque con su magisterio nos enseña que la mejor manera de evitar que las condiciones adversas crezcan y nos hagan peores es combatiéndolas día a día, con naturalidad, mirando siempre con altura y con la inagotable energía del que construye paraísos sin otro fin en la vida.

Yo les confieso que soy partidario de no aceptar con carácter general una visión pesimista de las universidades. Universidades mejores propiciarán sociedades mejores, universidades que sean fábricas de soluciones, que tengan "la capacidad y la responsabilidad de cambiar el mundo", como le oí decir recientemente a un Rector. Universidades -y utilizo una referencia obligada de la profesora Helena Nazaré-, que no tienen que ser torres de marfil ni pozos de petróleo, sino faros que nos guíen, que es lo que toca ahora, y "que sean potencias éticas de la vida".

...Así que a Francisco Michavila, ejemplo lúcido, indestructible y avanzado de compromiso con la universidad, gracias. Las reflexiones que nos presenta hoy son de una extraordinaria importancia, porque están respaldadas por miles de horas de trabajo generoso, de búsqueda, de desbrozar terrenos a veces por igual tan inexplorados como imprescindibles. Argumentos siempre nuevos, siempre robustos, siempre visionarios. Amigo Michavila, estoy convencido que para la Universidad será de enorme provecho este libro. Presiento que su lectura ayuda a transformar la existencia misma de la universidad, ensancha su legitimidad social y determina su rentabilidad pública. Para la sociedad también será importante, porque sus conclusiones ayudarán a estimular el compromiso y la confianza en la institución universitaria"...



Imaxe da reunión coa vicerreitora Eva María Lantaron.

06.02.2024 O presidente reuniuse con Virgilio Rodríguez Vázquez e Marta García Mosquera, profesores titulares de Dereito Penal da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, para expor o desenvolvemento dunha actividade académica na cidade de Vigo, no ámbito do Dereito, a celebrar na última semana do mes de xullo.

08.02.2024 O presidente reuniuse na Casa das Campás coa vicerreitora do Campus de Pontevedra, para tratar sobre a colaboración do Consello Social para 2024.

29.02.2024 O presidente participou na xornada sobre "Prevención da fraude e dos conflitos de interese" celebrada na sala Manolo Ramos do edificio Ernestina Otero do Campus de Vigo.

Durante a apertura do seminario, Ernesto Pedrosa manifestou que:

..."Por una parte, la LOSU, en su articulo 47, asigna al CS la función de velar por el cumplimiento de los principios éticos y de integridad académica, así como de las directrices antifraude. Los CS convenimos que velar debe entenderse como control efectivo y real, aunque admitimos que es susceptible de interpretaciones. Esto supone que si no funciona el compliance dentro de la universidad, la responsabilidad pasa a ser del CS.

Por otra parte, en el plan de medidas antifraude aprobado por Resolución del rector de esta universidad, de 10 de febrero de 2022, se habla de formación antifraude. En el Artículo 5. Gerencia dice: Sin perjuicio de las funciones ordinarias que ya tiene encomendadas, en ejecución del Plan de medidas antifraude, corresponderá a la Gerencia el ejercicio de las siguientes funciones:

> *a. Planificar y programar las actividades de formación al personal que se establecen como medidas de prevención.*

A su vez, en el cuestionario para la evaluación del riesgo de fraude, existe una pregunta que dice claramente:

"6. ¿Se imparte formación que promueva la Ética Pública y que facilite la detección del fraude?"

De todo lo dicho, y porque la cultura de compliance en las universidades públicas necesita incentivos es por lo que surge la necesidad de planificar formación periódica y ponernos a trabajar en esta dirección. Empezando por una



Ramón Chaves; a xerente, Yolanda Lesmes; Ernesto Pedrosa e Antonio Arias.



Vista xeral dos asistentes as sesións, que foron seguidas con gran interese e suscitaron moitas consultas.

formación obligatoria que las universidades deben tomarse en serio, sobre todo las que participan en la ejecución de los fondos europeos a través del PRTR. Porque el rechazo a las praxis fraudulentas debe ser sistémico, metodológico y proactivo. Y se debe hacer desde el mayor conocimiento posible.

Por eso hemos optado por proponerle a la gerente esta jornada de formación para responsables universitarios, gestores, personal directivo y cuadros técnicos, sobre prevención del fraude y los conflictos de interés, para que adquieran capacitación para identificar y responder a los casos en los que se materialicen esos riesgos, además de unificar criterios y compartir experiencias. Y aquí estamos. Para que la universidad no sea un ecosistema aparte.

